

EXT. ALAMEDA - DÍA

O día está gris e a Alameda está valeira e en silencio. Nora, muller duns 25 anos, morena de media melena, peso e estatura medias, nin guapa nin fea; está sentada nun banco diante do estanque dos patos, leva vaqueiros, unha camiseta que pon "ÉCHE O QUE HAI" e tenis. O seu carón hai un bolso, unha carpeta grande cuns cuantos debuxos de cómic enriba e un lapis, unha botella de auga a medias, no chan hai un montón de pardais comendo migallas. Os patos están todos amontoados diante de Nora. Ela sostén un móbil na man dereita. Na pantalla do móbil pódese ler a medida que o dedo de Nora lle vai dando a tecla para baixar: "ola, son nora coñecémonos de vista do colours. era por se algún día querías quedar para tomar un café. saudíños". Na man esquerda ten un anaco pequeno de papel cun número de telefono e o nome "Israel" escritos.

MERCEDES (OFF)

(Entre imperativa e maternal)

Doucho para que o uses ¡aviso! Xa estás facendo algo, que estou farta de escoitarche "miroume, miroume" ou "hoxe díxome ola" ou "atopeino pola rúa e non me mirou". Advírtocho, quero resultados.

(Con picardía)

E quero todos os detalles, por suposto.

Nora dálle a enviar e na pantalla aparece: "Enviado OK". Nora mira ó móbil con cara de pánico.

NORA

¡Deus, que acabo de facer! Seguro que pensa que son unha psicópata tipo Atracción Fatal. ¡Que vergoña!

Nora garda o móbil no bolso a toda présa e colle a botella de auga, a carpeta cos debuxos e pon o bolso en bandoleira, érguese e comeza a andar pola Alameda, pasa por unha papeleira e tira o anaco de papel co número de teléfono. Cruza cara a rúa do Franco. Vai

camiñando coa botella de auga na man, de súpeto escóitase bruar unha vaca. Nora bota a man no bolso con nerviosismo e saca o teléfono que emite unha luz vermella intermitente. Mírao aterrada, traga saliva, aperta a tecla de "mensaxe nova" e lese na pantalla: "ISRAEL Sinceramente non me decato de quen es, pero é que son moi malo para os nomes".

NORA

¡Este tío é tonto! ¿que parte "coñecémonos de vista"
non entendeu? é que...

(Mirando de novo para o teléfono)

Que riquiño, contestou... e que rápido... e non se
enfadou nin nada... seguro que sabe quen son, ¿como
non o vai saber...?

Dálle a responder e escribe con axilidade mentres camiña, cando remata lese na pantalla do teléfono: "non é que sexas malo para os nomes, é que non me coñeces, a próxima vez que te vexa xa me presento". Dálle a enviar e aparece un "Enviado OK" na pantalla. Nora mete o móbil no bolso e segue camiñando moi feliz. Ó pouco volve a soar un bruar de vaca, Nora colle emocionada o móbil que alumea en vermello, dálle as teclas con nerviosismo. Na pantalla lese. "ENRIQUE Tes que vir traballar mañá, Paco está enfermo e Mercedes soa non vai quedar".

NORA

(Alterada, decepcionada)

¡Aí que joderse, será cabrón! ¡Pois queda ti en lugar de
ir para o chalé! ¡Que morro tes tío!

INT. CAFETERÍA COLOURS - NOITE

A cafetería é alargada; é moi estreita no medio onde está a barra e a cada lado hai un espacio cadrado bastante amplo e confortable, no que está ó fondo hai uns sofás brancos con mesas pequenas de madeira traballada onde a xente pon as bebidas. No espacio amplo que está a entrada hai varias mesas altas con cadeiras tamén altas de metacrilato de cores

variadas. As paredes son de pedra vista e o chan de cadriños de cores vivas. A barra é de metacrilato cor laranxa con formas onduladas. Detrás da barra están as bebidas, a máquina de café, os vasos, etc. Hai moita xente e o ambiente está cargado, a música pop soa por debaixo do murmurio da xente. Nora está dun lado para outro atendendo as mesas e recollendo as consumicións. Detrás da barra está Mercedes, unha muller duns trinta e tantos, alta, delgada, con pelo longo de cor caoba. Ambas levan uniforme, pantalón e camiseta negros, na camiseta está escrito o nome da cafetería, cada letra dunha cor distinta. Entra un grupo de mozos e mozas todos sobre os 30 anos, entre eles está Israel, un mozo delgado e moreno, co pelo de punta revoltado, non moi alto, atractivo, pero non guapo. Viste de negro, con clase, moi moderno, vaqueiros de deseño e chaqueta coma a militar de John Lennon pero en negro. Xuntan dúas mesas das que hai na entrada e sentan todos menos Israel que está moi serio e mira para todas partes como estudiando o terreo. Fíxase en todas as mulleres presentes, pero non lle presta especial atención a Nora ca que se cruza cando se achega para tomarlles nota. El dá unha volta por todo o local, saúda a Mercedes cando pasa por diante da barra, vai ó fondo e anda entre a xente mirando tanto os que están sentados nos sofás coma os que están de pé en grupos. Cando volve a mesa xa están servidos, os seus amigos dinlle cal é a súa consumición e senta. Nora está detrás da barra falando con Mercedes. As dúas están mirando para Israel.

NORA

(Agobiada)

Nin me viu, tía. Está claro que non me esperaba a min,
mira que maqueado ven, seguro esperaba que fose
unha guapa desas.

(Sinala os sofás)

MERCEDES

¿E ti que sabes o que espera? ¿Falaches con el? Non,
pois daquela que andas dicindo...

Israel mira o móbil.

MERCEDES

¿Ves? Está mirando a ver se lle escribiches algo. Vai alí e preséntate dunha vez.

Nora mira a Mercedes, Mercedes faille un xesto de que saia da barra, Nora sorrí e vai camiño da mesa onde está Israel, nese momento entran dúas mozas que saúdan moi efusivamente a Israel. Nora da a volta a toda velocidade sen disimular nada, a medio camiño da barra volve a dar a volta cara a mesa de Israel, pero volve a arrepentirse e da a volta cara a barra de novo.

EXT. RÚA DIANTE DA CAFETERÍA COLOURS - NOITE

Na rúa hai pequenos grupos de xente falando, Mercedes e Nora, de uniforme, están diante da cafetería. Mercedes está abaixada pechando a persiana e Nora está de pé agardando. Cando remata Mercedes érguese, dálle dous bicos a Nora e faille un xesto cariñoso, despídense e cada unha vai por un lado. Nora camiña moi a modo, cansa; saúda a uns que están sentados no chan diante da entrada dun pub e sigue camiñando. Bota a man a cabeza, ráscase e colle o móbil do bolso. Escribe: "síntoo estiven a medio metro de ti e non me atrevín a saudarte". Dálle a enviar e segue camiñando co móbil na man. Os poucos minutos o móbil comeza a alumear en vermello. Nora mírao, dálle a tecla e lese na pantalla: "Pois eu mirando para todas a ver quen podías ser". Nora sorrí.

EXT. ALAMEDA - DÍA

Fai sol, hai moita xente paseando, nos bancos, nenos xogando, etc, Nora está sentada diante do estanque dos patos debuxando. Leva un pantalón pirata, unha camiseta sen mangas e chanclas. Soa o bruar da vaca, Nora para de debuxar, abre o bolso e saca o móbil que alumea. Dálle as teclas e lese na pantalla: "ISRAEL ¿Que tal vai todo? Hoxe quedei no Colours outra vez, se me ves saúdame, eh?". Nora sorrí

INT. CAFETERÍA COLOURS - NOITE

A cafetería está chea de xente. Mercedes está detrás da barra e Nora está dun lado para outro atendendo a xente. Israel entra, leva unha camisa negra cas mangas remangadas e por fóra do pantalón, o pantalón é vaqueiro negro e leva unhas converse negras con cuña branca, ponse a falar con uns que hai na barra. Nora pasa polo seu lado, pousa a bandexa na barra e tócalle o brazo, Israel míraa tranquilo.

NORA

Ola, eu son Nora.

ISRAEL

(Natural, como se xa o soubera)

Ola.

Israel dálle dous bicos moi cordial e sigue falando cos amigos. Nora queda un momento diante del, despois volve a coller a bandexa e segue traballando forzando o sorriso.

EXT. ALAMEDA - DÍA

Fai sol, hai moita xente paseando, nos bancos, nenos xogando, etc, Nora está sentada diante do estanque dos patos debuxando. Leva un pantalón pirata, unha camiseta de tiras e chanclas. Ó seu carón ten o bolso aberto e o móbil enriba da solapa. Para de debuxar e mira o móbil. Non alumea.

EXT. ALAMEDA - DÍA

Fai sol, hai moita xente paseando, nos bancos, xogando, etc. Nora está sentada diante do estanque dos patos debuxando. Leva unha camiseta toda debuxada cun cómic Marvel, pantalón curto e chanclas. Ó seu carón ten o bolso aberto e o móbil enriba da solapa. Para de debuxar e mira o móbil. Non alumea.

EXT. ALAMEDA - DÍA

Está nubrado, hai un grupo de peregrinos merendendo, Nora está sentada diante do estanque dos patos debuxando. Leva unha camiseta de media manga, un pantalón de lino azul mariño e tenis. Ó seu carón ten o bolso aberto e o móbil enriba da solapa. Para de debuxar e mira o móbil. Non alumea.

EXT. PRAZA ROXA - DÍA

Chove, Nora camiña moi rápido, case correndo, leva un montón de papeis nunha man e o paraugas na outra, viste unha chaqueta de verán, camiseta máis longa que a chaqueta, vaqueiros e tenis. O chan brilla pola auga que o cubre, Nora da un paso longo pero o primeiro pe que toca o chan deslízase, esvara e cae dando cun xeonllo no chan, a outra perna queda dobrada facendo unha xenuflexión. Os papeis caen todos ciscados polo chan e o brazo que leva o paraugas queda firme e ergueito en perfecto equilibrio como se o accidente non fose con el. Nora trata de poñerse en pe ca man que ten libre pero non pode. Deixa o paraugas no chan, apóiase nas dúas mans e érguese. Cando está de pe ten a Ariel ó seu carón cos papeis na man. Ariel ten uns vinte e tantos, é alto, moreno vai de vaqueiros, camiseta por fora, cazadora vaqueira e tenis.

ARIEL

(Preocupado)

¿Estás ben? ¿Magoácheste?

NORA

(Sorrindo incómoda)

Si... non... uff, levei un bo golpe, pero... polo menos non rachei o pantalón, nin o xeonllo, claro...

ARIEL

(Doce)

O dos croques é na catedral non aquí... non insistas, non creo que che pase por vez.

NORA

Xa imaxino, xa.

ARIEL

(Dándolle os papeis)

Toma, caeuche isto. Como vin que xa te estabas
erguendo púxenme a recollelos antes de que se
estragaran ca auga, pero creo que non tiveron moito
éxito.

NORA

Non, está ben, so é auga, póñoos a secar e xa está.
Gracias, moitas gracias, en serio.

Nora limpa a man no pantalón e despois esténdea para collelos debuxos, pero Ariel de
súpeto retírallos.

ARIEL

(Esaxerando, finxindo estar ofendido)

¿Gracias? ¿Gracias e máis nada? ¿Non me vas dar dous
bicos, o teu número de teléfono e pedirme que case
contigo?

Nora sorrí abertamente, sorprendida.

ARIEL

Ri o que queiras, pero os dous bicos non chos perdoo.

Ariel cambia os papeis de man e esténdelle a man dereita.

Chovía

ARIEL

(Sorrindo)

Ola, eu son Ariel.

Danse a man e os dous bicos.

NORA

Eu son Nora.

Ariel sorrí con dozura, cóllecille a man e bícalla facendo unha reverencia. Incorporárase e vólvea mirar.

ARIEL

(Doce)

Moito gusto.